


## OS TEXTOS DESCRITIVOS


Son os que se empregan para explicar como é algo ou alguén. Neste tipo de textos exprésanse con moito detalle as características (cor, tamaño ou forma) para que quen lea o texto poida imaxinarse como é a persoa, o lugar ou obxecto do que se está a falar.



### CAL É A SÚA ESTRUTURA?

#### 1. Introducción


- **Obxectivo:** Dar unha idea xeral sobre o que se vai describir.
- **Que podo incluír?**
  - **Tema principal:** que se vai describir (un lugar, persoa, animal ou obxecto)?
- Exemplo: A praia de Arealonga é un lugar tranquilo e moi fermoso, onde a xente vai descansar no verán.



#### 2. Desenvolvemento ou corpo

- **Obxectivo:** Ofrecer información concreta, moi organizada e detallada.
- **Que podo incluír?** Características moi concretas, por exemplo:
  - **Lugar:** Sons, olores, cores e outros.

- **Persoa:** aspecto físico, roupa, complementos, sentimentos e outros.
- **Animal:** aspecto, cor, sensacións e outros.
- **Obxecto:** forma, materiais, uso e outros.
- Exemplo: Esta praia ten unha area moi branca e fina, que brilla ao sol. As ondas rompen de xeito suave e o cheiro a sal enche o aire. Acostuma haber gaivotas voando e nenos e nenas xogando preto da auga.



### 3. Final

- **Obxectivo:** Pechar a descrición cunha reflexión ou resumo.
- **Que podo incluír?**
  - **Importancia:** Por que é especial? Que se pode destacar?
  - **Opinión persoal:** Como te fai sentir o que describes?
- Exemplo: A praia de Arealonga é un lugar perfecto para desconectar e gozar da natureza. Sempre me sinto moi feliz cando paso tempo alí.

